

## MANIFESTO VIRATEC DIA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE 2024

Neste día Mundial do Medio Ambiente, Nacións Unidas centra a súa mirada na “Restauración das terras, deter a desertificación e fortalecer a resiliencia a seca” co lema “As nosas terras. O noso futuro”. A día de hoxe a degradación das terras (dos ecosistemas terrestres) afecta no planeta a 2.000 millóns de hectáreas, segundo datos da ONU. Lembrar que o solo é un recurso non renovable. Son precisos 1.000 anos para que se forme tan só entre 1 e 3 centímetro de terreo fértil.

Cando falamos da nosa relación co planeta é moi frecuente facer referencia a estatísticas que reflexan o impacto negativo da actividade humana na contorna. É necesario saber do avance e as melloras que a sociedade do coñecemento e as empresas que procuran solucións ambientais están acadando para minimizar eses impactos.

En Galicia, e en concreto en Viratec, contamos con centros e grupos de investigación, con equipos de traballo e con empresas que invisten recursos en prol do medio ambiente. Velaí os seus bos resultados e experiencias no eido da recuperación de solos, da valorización de residuos transformándoos en recursos, da depuración e tratamento de augas, do deseño de modelos de economía circular e unha infinidade de proxectos e servizos que fan que en Viratec si teñamos motivos para celebrar o Día Mundial do Medio Ambiente.

O encontro anual de Viratec ten lugar hoxe na cidade da Coruña porque aquí temos un exemplo de restauración, que pon de manifesto como a actuación responsable e a implicación de medios e coñecemento poden aportar solucións con visión de futuro. Tal é o caso do caso do peche e os novos usos do que hai anos era o vertedoiro de Bens. A ciencia, a técnica e as decisións acertadas posibilitaron recuperar o territorio e facer da superficie un gran parque urbano, un fito recoñecido no país como exemplo dunha boa práctica.

Se é importante restaurar e rexenerar, non menos o é a prevención e a conservación. Detrás de todas estas necesidades está o coñecemento, a técnica e o traballo dos homes e mulleres que investigan e operan nas nosas empresas, centros tecnolóxicos, universidades e colectivos profesionais asociados a Viratec.

Non perdemos de vista os acontecementos que afectan ao progreso do sector ambiental en Galicia e o aproveitamento sostible dos recursos. É o momento de recordar que o avance so é posible baixo criterios científico-técnicos e solucións baseadas na natureza.

En Viratec posicionámonos sen ambaxes ao lado da razón e do criterio técnico e científico. Formamos parte da sociedade que quere construír un país con futuro para as persoas e a contorna, xerando riqueza de xeito responsable e sendo un exemplo de desenvolvemento modélico ao combinar os eixos ambientais, sociais e de gobernanza.

As empresas que hai detrás dos proxectos ambientais, cómpren a disciplina que marca a normativa europea, estatal, autonómica e local en materia de protección do medio ambiente, e non esquezamos que é moi garantista.

2024 é un ano especialmente frutífero para Viratec. Ademais de medrar como Clúster – xa somos 85 asociados-, acadamos excelentes resultados no noso primeiro proxecto de I+D+i colaborativo, onde varias entidades asociadas traballaron conxuntamente para mellorar a selección de residuos procedentes de demolicións e da construción. Smart2ReDuCe foi o primeiro dos proxectos que pode acoller un clúster como Viratec e que nos permite abrírnos ao mundo mostrando o talento e a capacidade do coñecemento ambiental galego.

Tamén é un ano salientable por liderar a primeira Business Factory ambiental e de economía circular de Galicia, Climatech, que xa está a dar os seus primeiros pasos na configuración desta aceleradora de proxectos empresariais relacionados coa sostibilidade, a economía circular e a loita contra o cambio climático. Business Factory Climatech chega para impulsar o talento, a técnica e a valía de proxectos emerxentes que engaden valor ao sector ambiental.

Renovemos nun día coma o de hoxe a nosa obriga de seguir investindo en sostibilidade, avanzando con programas innovadores, xerando emprego, reducindo o impacto ambiental e activando o coñecemento como tractor de progreso. Reivindiquemos o dereito da sociedade a ter unha información clara, de calidade e con base de coñecemento e ciencia.

Dese xeito, co esforzo diario dos homes e mulleres que vertebramos o sector ambiental galego, daremos pasos firmes cara o desenvolvemento sostible.